



# CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

ACTA Nº 2/2021

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL  
O DIA VINTE E CINCO DE FEBREIRO DE DOUS MIL VINTE E UN.**

En Ordes, a vinte e cinco de febreiro de dous mil vinte e un.

De conformidade co establecido no art. 46.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL) o Pleno reúnese a distancia por medios electrónicos e telemáticos (videoconferencia), en Sesión ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup>. ANA MARÍA SONEIRA LIÑARES.
- D. JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ.
- D. ABEL BLANCO VIQUEIRA.
- D<sup>a</sup>. YESSICA LÓPEZ VARELA.
- D. JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ.
- D<sup>a</sup>. SUSANA GARCÍA GÓMEZ.
- D. PABLO VÁZQUEZ CANDAL.
- D. JOSÉ ANTONIO CABEZA FRAGA.
- D. PABLO VIDAL RÍOS.
- D<sup>a</sup>. MARÍA JESÚS REGUEIRO GARCÍA.
- D. MANUEL IGLESIAS VIEITES.
- D. MARCOS FERNÁNDEZ LOURO.
- D. AITOR RIBADAS GÓMEZ.
- D. FERNANDO VIQUEIRA NOUCHE.
- D<sup>a</sup>. CARMEN MARÍA FERREIRO VILLAVERDE.

Non asiste:

- D. GONZALO VEIRAS CARNEIRO

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás dezanove horas e trinta minutos, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

## **1. APROBACIÓN ACTA DA SESIÓN ANTERIOR 28/01/2021.**

Polo Sr. Alcalde-Presidente procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de 28 de xaneiro de 2021, cuxa minuta



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

A acta da sesión ordinaria, de data 28 de xaneiro de 2021, resultou aprobada por maioría de dezaseis votos a favor, sendo dezasete o número legal de membros da Corporación.

### 2. INFORMES DA ALCALDÍA.

Polo Sr. Alcalde infórmase das actuacións:

Reunión mantida o pasado luns xunto con concelleiro delegado de obras e técnicos do servizo de asistencia técnico urbanística co novo Delegado de Naturgy na Coruña, Alberto Suárez Fontenla, ao fin de retomar actuacións que estaban pendentes no municipio. Colocación dun novo CT en Lg. Nouche, Beán, que se desenvolverá nas vindeiras semanas. Resolver a situación na parcela 79 do parque empresarial de Merelle, para o cumprimento do convenio asinado con Xestur para a achega da rolda leste ao parque empresarial, soterramento dun tramo de liña de alta tensión. Estanse achegando posturas co servizo técnico, agarda que nos vindeiros meses poida darse unha solución definitiva, satisfactoria para todas as partes. Comentouse tamén os recentes cortes de subministro no termo municipal, deuse conta das numerosas queixas fundamentadas dos veciños e pediuse que se deran os datos de Ordes. Esa contestación chegou no día de hoxe a través dun email sobre calidade do servizo de subministro a Ordes 2016-2020, os datos que constan son os seguintes para coñecemento da veciñanza e da corporación. O concello de Ordes encádrase na franxa de concellos con 20.000 subministracións. Datos tempo total de interrupción. Datos número de interrupción acumulado para cada un destes anos. 2016, tempo total de interrupción (TTI) 5 h, número total de interrupcións (NTI) totais 6. 2017 TTI 2,3 h NTI 4. 2018 TTI 0,61 h NTI 2. 2019 TTI 6,54 h NTI 9. 2020 TTI 0,24 h NTI 2. A receptividade do Delegado foi boa.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

### 3. SOLICITUDE MINISTERIO DE TRANSPORTES, MOBILIDADE E AXENDA URBANA EXECUCIÓN DAS OBRAS REORDENACIÓN DE ACCESOS NA ESTRADA N-550, PP.QQ 36+800 AO 37+030. TRAMO: TRAVESÍA DE ORDES, TERMO MUNICIPAL ORDES, PROVINCIA DA CORUÑA

Vista a proposta da Alcaldía, que se transcribe a continuación:

“Na visita realizada polo Expresidente do Goberno de España, Mariano Rajoy Brey, ao Concello de Ordes, o 14/08/2015, formulóuselle demanda para a execución dunha glorieta con paso inferior na intersección da 1ª fase da Rolda Leste (actualmente integrada na AC-524 de Ordes-Lanzá (N-634), a cal comunica coa entrada e saída da AP-9 no PQ. 41) coa N-550, na saída Sur da Vila e casco urbano de Ordes.

Os Orzamentos Xerais do Estado -no sucesivo, OXE- do ano 2017 (clave 2016-17384760) recolleron unha partida de 18.000 euros para o pago a realización do proxecto de reordenación de accesos da N-550 (PQ 36+800 a 37+030), o cal foi entregado na Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (A Coruña) no mes de marzo do ano 2017.

O título do proxecto construtivo, foi: “REORDENACIÓN DE ACCESOS EN LA CARRETERA N-550, PP.KK 36+800 AL 37+030. TRAMO: TRAVESÍA DE ORDES, TERMINO MUNICIPAL ORDES, PROVINCIA DE A CORUÑA”, cun importe total de 826.792,09 euros.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

A execución da antedita actuación é de gran importancia para o Concello de Ordes, posto que a mesma contribuirá a garantir consecutivamente a seguridade viaria e peonil na zona, reordenando o tráfico existente.

O día 18 de xaneiro de 2018 tivo lugar a presentación do proxecto no Ministerio de Fomento, ante o entón Director Xeral de Estradas do Estado, Jorge Urrecho Corrales, ao fin de solicitar un compromiso para incluír a dotación orzamentaria suficiente nos Orzamentos Xerais do Estado que se estaban a elaborar, e que polo tanto, permitiría a licitación e adxudicación das obras nese mesmo exercicio económico.

Os OXE do ano 2018 -Lei 6/2018, de 3 de xullo, de Orzamento Xerais do Estado para o ano 2018-, conforme ao acordado na reunión anterior, contemplaron no capítulo de inversións a obra denominada "CONSTRUCCIÓN DE GLORIETA Y PASO INFERIOR EN EL PK 37 DE LA N-550 (TM ORDES)" cun custe total de 1,2 millóns de euros en dúas anualidades, 500 mil no ano 2018 e 700 mil no ano 2019.

En data do 01/06/2018, días despois da aprobación inicial do trámite no congreso dos OXE para o ano 2018, tivo lugar a votación da moción de censura presentada contra o Presidente don Mariano Rajoy Brey, e como é coñecido, co resultado da mesma resultou electo novo Presidente do Goberno de España, Pedro Sánchez Castejón (PSOE).

Co fin de facilitar a tramitación do proxecto, e evitar a fase de exposición pública do mesmo, o Concello de Ordes acorda cos representantes da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia o compromiso de adquirir e poñer a disposición todos os terreos necesarios para levar a cabo as actuacións contempladas no proxecto de obras.

Dita petición fórmulase a través dun oficio datado o 01/08/2018, e logo de negociar a adquisición dos terreos, notifícase ao devandito organismo a posta a disposición o 12/11/2018, conforme ao acordo formalizado e adoptado pola Xunta de Goberno Local do Concello de Ordes, o 09/11/2018. Importe total de adquisición por 31.979,10 euros.

Con data 26/10/2018 remítese dende Alcaldía unha carta ao novo Ministro de Fomento, José-Luis Ábalos Meco, a efectos de coñecer as previsións do Ministerio coa actuación que afecta as obras anteriormente referidas, as cales figuraban con dotación orzamentaria nos OXE, nese momento vixentes, e que se mantiveron así ata a aprobación dos OXE do ano 2021 a finais do pasado ano.

En resposta a dita petición, o 9 de xaneiro de 2019, convócase unha reunión na 7ª planta do Ministerio de Fomento en Madrid, co Director Xeral de Estradas do Estado, Javier Herrero Lizano; onde se lle reitera a petición de que se proceda coa licitación e posterior adxudicación do proxecto construtivo da obra da glorieta e paso inferior, mostrándose receptividade e compromiso por parte do representante do Ministerio, e mais tras o coñecemento da inmediata dispoñibilidade dos terreos por xa ter sido adquiridos polo ente municipal, quedando dende entón a espera de que se puideran iniciar os trámites a maior brevidade.

Lamentablemente ao longo de todo o exercicio 2019 non se inicia a licitación comprometida, e con datas posteriores ás eleccións xerais do 10 de novembro de 2019, e ata en tres ocasións, o 15/01/2020, o 08/06/2020 e o 04/09/2020, remítense novas cartas ao titular da carteira do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, José-Luis Ábalos Meco, solicitándolle en todas e cada unha das ocasións a licitación, adxudicación pendente -non houbera avances- e execución das obras, sen obter a ningunha das tres misivas, resposta algunha as mesmas.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

Igualmente no mesmo período, se manteñen diversos contactos co Xefe da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, e se remiten paralelamente outras dúas peticións escritas ao Director Xeral de Estradas, Javier Herrero Lizano, unha 1ª con data 08/06/2020, e unha derradeira o pasado 09/12/2020, cando xa se ten coñecemento que os OXE do ano 2021 (aos que se presentou unha emenda o 18/11/2020 por parte do Grupo Parlamentario do PP no Congreso, a cal non foi atendida favorablemente) non contemplan partida específica para esta obra. Non obstante, si existen partidas con consignación económica suficiente e destinadas a reparacións nas infraestruturas, que permitirían a inclusión do proxecto en cuestión para a creación da glorieta e paso inferior proxectado no PQ 37 da N-550.

A data presente, mantémonos agardando resposta ás peticións formuladas, a pesar de mostrar en todo momento estar a disposición das indicacións que nos formulen dende o Ministerio, ao fin de acadar a consecución da licitación e adxudicación do proxecto de obras.

O Concello de Ordes, considera cada vez mais necesaria a execución desta infraestrutura conforme ao proxecto construtivo elaborado e presentado no ano 2017, ao fin de axudar a reordenar o tráfico, e garantir a súa vez, a seguridade na circulación de vehículos e peóns na zona. Trátase, en definitiva, dunha actuación que vai a dar servizo a un amplo volume de poboación –non só de Ordes- e que, pola súa especial situación, soporta diariamente a circulación de moitos vehículos; así como é obvio que no estado actual, dada a ausencia de cruce seguro para peóns, dificulta enormemente a mobilidade óptima para os mesmos entre diversas instalacións públicas e privadas a ambas marxes da N-550.

En virtude do cal, propoño ao Pleno municipal a adopción dos seguintes acordos:

1º.- Demandar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a posta a disposición da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (A Coruña) da dotación económica necesaria e suficiente con cargo ás partidas de reparación nas infraestruturas existentes contempladas nos OXE para o ano 2021, que permitan a inmediata licitación e adxudicación do proxecto construtivo: **“REORDENACIÓN DE ACCESOS EN LA CARRETERA N-550, PP.KK 36+800 AL 37+030. TRAMO: TRAVESÍA DE ORDES, TERMINO MUNICIPAL ORDES, PROVINCIA DE A CORUÑA”**, cun importe total de 826.792,09 euros.

2º.- Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentarios estatais e autonómicos do PP, PSOE e BNG, todos eles con representación a data presente no Congreso dos Deputados e no Parlamento de Galicia.

3º.- Comunicar estes acordos á Presidencia do Goberno de España, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (A Coruña), así como ao Delegado e Subdelegado do Goberno en Galicia”.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nada que obxectar, están de acordo en que se faga esta obra canto antes posible e que se demande dos partidos que están no Congreso dos Deputados como no Parlamento de Galicia.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo en demandar esta actuación que pode ser beneficiosa para os nosos veciños.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Intervén o Sr. Vidal Ríos Voceiro do grupo político BNG, que sinala que a entenden necesaria e interesante de cara a conseguir un obxectivo que é acometer a rolda oeste para enlazar a N-550 coa AC-413. Votan en falta nesta proposta que se demande a rolda no comezo, tamén debería demandarse no remate. Na exposición de motivos coméntase que o PP realizou unha emenda aos orzamentos xerais do estado demandando esta actuación e que foi rexeitada polo PSOE. Dende o BNG tamén presentaron unha emenda aos orzamentos xerais de Galicia para o ano 2021, data 21/12/2020 e nº de rexistro 6718. Na emenda 125, Consellería de Infraestruturas e Mobilidade figura a construción de rolda na AC-413 para futura conexión coa N-550 en Ordes, rexeitada polo goberno do PP na Xunta de Galicia. Formulan o seguinte, se realmente queren pular pola construción desta infraestrutura para comunicar a AC-413 coa N-550. Non vale so con demandar do estado a rolda na N-550, hai que demandar ao goberno galego tamén a rolda na AC-413. En aras de conseguir un acordo unánime que faga forza, que sirva de medida de presión a estas administracións. Propoñen a seguinte emenda engadindo un punto segundo: Demandar á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia a dotación económica necesaria e suficiente con cargo ás partidas de transferencias da Axencia Galega de Infraestruturas contempladas nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma galega para o ano 2021 que permitan a construción da rolda no pq. 0,00 da AC-413 Ordes-Carballo para o futuro enlace coa N-550. Considera que para acometer esa infraestrutura deben pelexar polas dúas rotondas, non centrarse exclusivamente na da N-550

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que está moi ben o que di, pero hai que saber a quen pertencen eses terreos. A rolda que pretende facer na AC-413 esta toda ela en terreos da Deputación da Coruña, non é obriga da Xunta de Galicia facer esa rolda. O primeiro que hai que facer é facer o estudo informativo e o proxecto. O Concello de Ordes está a facer os deberes coa rolda oeste. A Xunta de Galicia tamén vai a facer os deberes coa rolda oeste. estanse a manter os traballos ao longo dos tres últimos meses do ano 2020. Se é necesario facer unha rolda que a faga a Deputación da Coruña, está na DP, non na AC-413. O pasado 12/02/2021 o Concello aprobou a redacción do proxecto de desenvolvemento da rolda oeste. feito o proxecto e o estudo informativo e haxa que facer a rolda no so na intersección coa AC-413 e coa DP, tamén hai que facer unha rolda na parte intermedia entre a rúa Coruña e a Fraga da Galiña e o IES Maruxa Mallo. Hai tres rotondas na rolda oeste, unha na N-550, están moi avanzados os traballos para desenvolver a rolda oeste. non necesitan para nada aceptar esa emenda que formula por que non están feitos os traballos previos. Os compromisos que lle teñen plantexados á Consellería de Infraestruturas dende o goberno son outros e non coinciden para nada cos que acaba de formular o BNG, que non teñen que ver coa emenda que plantexaron ante a Xunta de Galicia para facer unha rolda nuns terreos que non son de titularidade autonómica. Antes de tratar de confundir e levar ao seu terreo o traballo deste goberno, analice a quen pertencen eses terreos e non propoña cousas que nada teñen que ver coa realidade á que se están enfrontando. O proxecto será redactado nun prazo de dez meses, vai a levarse a cabo o estudo informativo, vai a levarse a cabo o que se pide para o documento de aprobación provisional do PXOM. Van a definirse as rotondas, todas e cada unha delas. Saben que existen as partidas segundo as reunións coa Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Necesitan o apoio de todos os grupos que queiran sumarse a esta iniciativa. Se non o queren facer por que piden cousas que nada teñen que ver con isto. Van a manter o texto dos acordos. Agradece a predisposición do PSOE e UxO de sumarse a esta demanda para os veciños de Ordes e todos os usuarios que van uso habitual da rolda leste.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nada que engadir, xa manifestaron a súa vontade de que se melloren as comunicacións, están de acordo en que se demande tanto no Estado como no Parlamento de Galicia.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo. Se iso pode mellorar a mobilidade e facer uns accesos máis seguros dun lado a outro da N-550. Están de acordo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se miramos a hemeroteca, ano 2005, recorte de prensa, nunha proposta escrita á Deputada Esther Couto, tamén voceira do PSOE en Ordes, o Director Xeral da Xunta Agustín Hernández informa que o seu departamento acordou manter o deseño existente e non construír a rotonda solicitada polos veciños, os grupos de oposición e o propio Alcalde, PP, quen tras reunirse co Conselleiro o Sr. Núñez Feijóo o ano pasado deu por feita a construción. A Xunta basea a súa decisión nun informe técnico que desaconsella esta solución dado o nivel da vía que ven do concello de Carballo, traballos que datan de decembro. Naquel entón non poñían problema ningún na titularidade dos terreos. Aí arranca a AC-413, a infraestrutura que se vai a facer vai a ser a rolda oeste pola Xunta de Galicia. Ten sentido solicitar a rotonda na N.550, se queremos esa infraestrutura o que hai que solucionar é o entronque principal, co entronque definitivo, onde vai a morrer esa rolda oeste, que sería a través doutra rotonda. Coñecen o trazado, que hai outras rotondas intermedias, que se irán facendo segundo se vaia construíndo a infraestrutura. Non entende por que non se queren solicitar as dúas rotondas. O Alcalde sae nos medios de comunicación votándolle a culpa a Cataluña e que nos OXE non figura a rotonda de Ordes e por outro lado aí non se demanda nada, nin se presiona, nin se solicita nada. Reitera que o que se debería facer é solicitar as dúas rotondas por que as consideran necesarias. Ademais serve para meterlle presión a unha e outra administración. O que piden é que reconsideren, non piden nada raro. É algo lóxico que leva a veciñanza demandando dende o ano 2004-2005 ata o día de hoxe, e aínda segue sen amañar. Nos seguimos poñendo a emenda enriba da mesa. Se non por desgraza terán que absterse, gustaríalles poder saír cun acordo unánime.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que é o rei para buscar desculpas para non apoiar nunca a este goberno e nunca o vai a facer. Non hai ningún tipo de inconvinte. Os acordos das decisións en materia de infraestruturas que competen a este goberno vanse a levar a cabo. Non porque veña aquí o BNG coas súas iniciativas, emendas, coas súas propostas para colgarse medallas como demostra nos medios de comunicación. A día de hoxe o que necesitamos é que a N-550 teña esa rotonda no pq. 37. A rolda oeste vai a ser unha realidade, non fai falta para elo para nada o BNG. Non ten ningún tipo de dúbida. Manteñen os acordos tal e como están formulados na proposta da Alcaldía. Non atendemos para nada, nin comprendemos a súa postura. É a súa, é á que nos ten habituados. Van a seguir defendendo o traballo ben feito en todas e cada unha das iniciativas de infraestruturas por parte deste goberno local. A día de hoxe non contamos con esa rotonda por que houbo unha moción de censura en Madrid, e estaríamos igualmente traballando en que se poida levar a cabo a rolda oeste. non se trata de facer unha rotonda en terreos que son da Deputación, a realidade está ali onde empeza o qm 0. Mantense o acordo como está formulado. Se algún día se chega a inaugurar tamén haberá que lle facer aos veciños que foi gracias á forza que a este goberno lle deu o PSOE e UxO, na que se abstivo o BNG pola súa teimudez.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de catorce votos a favor (9 grupo político PP, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), coas abstencións (2 grupo político BNG), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

1º.- Demandar do Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a posta a disposición da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (A Coruña) da dotación económica necesaria e suficiente con cargo ás partidas de reparación nas infraestruturas existentes contempladas nos OXE para o ano 2021, que permitan a inmediata licitación e adjudicación do proxecto construtivo: **“REORDENACIÓN DE ACCESOS EN LA CARRETERA N-550, PP.KK 36+800 AL 37+030. TRAMO: TRAVESÍA DE ORDES, TERMINO MUNICIPAL ORDES, PROVINCIA DE A CORUÑA”**, cun importe total de 826.792,09 euros.

2º.- Dar traslado do presente acordo aos grupos parlamentarios estatais e autonómicos do PP, PSOE e BNG, todos eles con representación a data presente no Congreso dos Deputados e no Parlamento de Galicia.

3º.- Comunicar estes acordos á Presidencia do Goberno de España, á Presidencia da Xunta de Galicia, á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (A Coruña), así como ao Delegado e Subdelegado do Goberno en Galicia”.

#### **4. DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 28 de xaneiro de 2021, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

#### **5. MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“A Unidade de Coidados Intensivos de adultos (UCI-A) do Hospital Clínico Universitario de Santiago de Compostela (CHUS) é tamén a unidade onde se atenden pacientes graves de COVID-19. Pero é unha unidade aberta, que dispón tan só de 2 cubículos, polo que o persoal sanitario vese obrigado a estar xornadas enteiras co equipo de protección individual (EPI), o que non sería necesario de existir suficientes cubículos.

O risco de contaxio é elevado, e de habelo, non sería doada a substitución dos ou das profesionais por persoal coa mesma capacitación e, ademais, con formación en coidados críticos. Porén, non contan cun plan de prevención de riscos que garanta medidas de seguridade para profesionais e doentes, e botan en falta formación en riscos laborais, teórica e



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

práctica. Reclaman EPI's, duchas próximas suficientes para non ter que percorrer o hospital co uniforme usado... En resumo: condicións de traballo acordes coa situación actual.

O persoal da UCI mantén unha folga desde o 16 de novembro, non para unha suba de salarios, senón para demandar condicións dignas para o seu traballo. Están en folga para demandar melloras estruturais, medidas organizativas e preventivas, dotación de EPI's, controis de PCR periódicos..., aspectos todos eles que redundarían nunha mellor atención para as persoas ingresadas que, como sabemos, poden ser do noso concello.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

O Pleno do concello de Ordes solidarízase co persoal da UCI do CHUS en folga, apoia as súas demandas e reclama á Xunta de Galicia a que realice de urxencia, as actuacións necesarias para cumprir a normativa vixente e mellorar as condicións de traballo destas persoas que prestan, en primeira liña, atención sanitaria nestes duros momentos de Covid-19".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que mostran a súa conformidade.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo. os profesionais sanitarios teñen que ten os EPIs necesarios e as medidas de prevención necesarias. Dende UxO todo o seu apoio.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que sinala que vai por diante a solidariedade co persoal do CHUS. En efecto a UCI do CHUS ten vinte e tres camas, 15 que están no Clínico e 8 que están en Conxo, 2 boxes de UCI no Clínico e 1 box de UCI en Conxo. Habilitouse a unidade de reanimación que se construíu nova no ano 2011 con 11 camas. En consecuencia contan con 38 camas de críticos simultáneas. A distribución, organización e reorganización foise facendo a través dun Plan de continxencia do Comité Clínico, sempre tendo en conta as infeccións e a previsión de infectados e das distintas olas que se produciron. A configuración que ten a UCI de Santiago é mellorable, a aspiración do SERGAS e leva a cabo unha reforma da UCI con todos os cubículos pechados. Algo excepcional por que no hai cubículos pechados. Así se lle deu traslado ao persoal, incluso se valorou facela durante o verán-outono 2020. Non puido estar lista por que ninguén se comprometeu a tela rematada no tempo establecido. Sorpréndelles moitísimo esta inqueda por facer as obras na UCI do CHUS e que veña presentada esta moción polo BNG cando o pasado mes de abril se fixo unha intervención no Hospital de Montecelo, que durou catro días e estaba destinada a habilitar os boxes de illamento e o 25 de abril o BNG publicou un tuit que pon: a Xunta pecha a UCI de Montecelo en Pontevedra para teleFeijoo o moderno son os hospitais de campaña. Seguimos con demagogia unha vez máis Sr. Vidal. O 26 de xaneiro deste ano a Xerencia do Hospital Clínico emitiu un informe conforme á reunión do 23 de xaneiro para comunicar os avances nos procesos de adxudicación e realización de ditas obras,





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

reiterando que se levarían a cabo cando a situación epidemiolóxica e de presión asistencial o permitiran. A realización das obras no verán 2020 comprometería a capacidade do hospital para atender os doentes críticos e suspender a actividade quirúrxica. A Xerencia do CHUS contratou a máis de sesenta profesionais, implantou un novo sistema de monitorización na vangarda tecnolóxica, novos respiradores, ampliouse a zona de vestiarios, fixéronse máis de trescentos cursos de formación en prevención de riscos, curso de EPIs nos que se formaron máis de tres mil profesionais. Non sabe se ten coñecemento de todas estas melloras que se estiveron a desenvolver. Gustaríalle que lle comente se as coñece, se ten interese en saber cal é realmente a situación da UCI.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que sinala que si traen esta moción é por que algo se informaron previamente, non traen a moción por traela. Algo si que sabe. Fala de que se compraron novos respiradores, mentira, foron doados por ABANCA. Fálase de novos sistemas, que formación recibiu o persoal para traballar con eles, ningunha. Pensan que a xente sae á rúa todos os luns dende o 16 de novembro, ese persoal sanitario, a protestar por nada. Está demandando carencias que teñen. A Xerencia incumpriu o acordo cos profesionais sanitarios de facer unha UCI con cubículos para que os profesionais sanitarios non estivesen xornadas de sete a dez horas cos EPIs sen poder descansar. Non dispoñen dun plan de prevención de riscos centrado no Covid-19 no posto de traballo, non unha avaliación de riscos laborais que é unha parte pequena dun documento máis extenso e completo que é un PSS. Iso non o ten o persoal sanitario que está en primeira liña atendendo a persoas con Covid-19 co risco de contaxio que levan por alí. Este persoal está demandando ao mesmo tempo a mobilidade de persoal a outras unidades por que se debe respectar o mantemento do persoal ao cen por cen en cada quenda tendo en conta o número de camas estean ou non ocupadas. Póñense moitas camas pero á hora de dispor de persoal o mandan a outros lados non tendo en conta que no momento de encherse as camas anda o persoal paseando de aquí para alá, incluso persoal que atende a persoas con Covid-19 co risco de contaxio que iso leva. Denuncian a falta de material funxible, uniformes desbotables, existencia de aparellos que non funcionan ou funcionan mal nunha UCI, duchas e vestiarios insuficientes, falta de formación teórico práctica que é crucial para os profesionais e enfermos UCI. Levan recollidas máis de catro mil sinaturas de apoio a estas demandas. Non son demandas que nos estamos inventando como queren facer ver, demandas polas que levan loitando moitos luns dende o 16 de novembro. Fixeron unha pequena actuación nas duchas pero coas caídas de forma que a auga da primeira ducha vai caendo cara as outras absorbendo os pes toda a porquería en lugar de ter unha recollida de augas ao contrario. Non coñecemos a situación da UCI coa profundidade do persoal que alí traballa, pero trasladáronlles os problemas que hai alí. Calquera persoa que entre na páxina de Facebook; persoal uci adultos hospital Santiago, poden ollar fotografías do mal estado no que se atopan as instalacións en xeral, o material, o instrumental, ata se poden ver goteiros reparados con esparadrupo, nunha UCI. Entón algo falla, por iso presentamos esta moción para apoiar ese persoal a ver si conseguen un compromiso e que a Xunta actúe para solucionar esta problemática que teñen alí. Xa están fartos de estar en primeira liña padecendo todo o que padecen.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que nada que obxectar.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que xa dixeron que estaban a favor da moción. Se están en folga quere dicir que hai algunhas carencias que deben ser subsanadas.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que lles transmiten dende a Xerencia que se acordou con este colectivo a compensación do cómputo de xornada para aqueles casos en que o persoal ten que estar a traballar toda a xornada con EPI como sucede cando se atenden os pacientes Covid-19 de configuración aberta. Tamén se acordou a limitación da mobilidade do persoal que se acordará exclusivamente en situacións puntuais, por causas inevitables e soamente a outras unidades onde se atenden pacientes críticos, e outras cuestións sobre xornada laboral, formación. Xa que lle gusta mirar tanto ás páxinas de Facebook das administracións, mire tamén a da Xunta de Galicia e verá que xa se licitaron as obras de reforma da UCI de adultos en febreiro de 2021 por 1,2 millóns de euros para crear boxes individualizados, ademais hai dez millóns de euros para a reforma do servizo de farmacia, unha nova unidade de ictus, implantación de tecnoloxía Hifu para pacientes de parkinson. Tamén se está traballando na ampliación do orzamento previsto de cincuenta millóns de euros para a creación de novos andares de hospitalización, unha nova área de urxencia pediátricas, un novo espazo para urxencias de adultos, novos quirófanos, un área espertar, ...etc., reformas que van a constituír un importante cambio para o hospital. O seu voto vai a ser en contra, non en canto a solidarizarse co persoal da UCI que se merece toda a súa consideración, apoio e agradecemento, senón por ampararse na teoría dos actos propios, se a Consellería de Sanidade licitou as obras, reservou orzamento e anunciou melloras inminentes, entenden que deben outorgarlles un mínimo de confianza en que efectivamente se realicen e se fagan realidade todas as demandas que os enfermeiros están a demandar. Si ao longo destes meses esas demandas non se realizan serán os primeiros que volverán a falar e demandar o que falte.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“AP9, a autoestrada do atlántico, é a principal arteria de comunicación de Galicia, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do 70% da poboación e a meirande parte da actividade económica do país.

A pesar da súa importancia estratéxica, esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país.

A historia da AP9 é a crónica dunha discriminación con Galicia, que nos ten costado miles de millóns de euros en peaxes.

Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feijóo-, a autoestrada por un prezo ridículo.

Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galicia conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galicia pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculento negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios.

A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galicia aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galicia, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017.

Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas ruinosas.

Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9. Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas.

Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efective canto antes a rebaixa das peaxes da AP9, comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte **ACORDO**:

1- Instar á Mesa do Congreso e ás forzas políticas con representación nesa institución a aprobar definitivamente a Lei de Transferencia da AP9 a Galicia no actual período de sesións.

2- Instar ao Goberno do Estado a facer efectiva de xeito inmediato a rebaixa das peaxes da AP9”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou rexeitada por maioría de nove votos en contra (grupo político PP), sete votos a favor (2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, non procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira grupo político PP, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“A autoestrada AP-9 é unha infraestrutura básica e vital de dinamización económica e social da nosa Comunidade Autónoma. É un eixe vertebrador que percorre a xeografía galega de norte a sur, na súa franxa atlántica, na que se concentra arredor do 60 por cento da



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

poboación, e que conecta 5 das grandes cidades galegas: Ferrol, A Coruña, Santiago, Pontevedra e Vigo.

O Goberno de España anunciou a finais do pasado ano, coincidindo coa presentación dos Orzamentos Xerais do Estado de 2021, unha serie de actuacións sobre as peaxes que non se están a aplicar nesta autoestrada: como a bonificación das tarifas, e a invalidación das subas extraordinarias anuais.

Pero, a pesar dos anuncios e promesas feitas, o Goberno de España non só non cumpriu ningún dos seus compromisos senón que permitiu á empresa concesionaria aumentar as tarifas, desoíndo o ditame do Consello Consultivo de Galicia que considera este incremento extraordinario “nulo de pleno dereito”.

Esta suba, que se está a aplicar dende o pasado 1 de xaneiro, vén sumarse ás realizadas en anualidades anteriores, en virtude dos incrementos extraordinarios que autorizou o Goberno socialista de España, a través de dous reais decretos aprobados en 2011 e 2018, e coas que se compensa á empresa concesionaria polas obras de ampliación realizadas nesta autoestrada. Así, no ano 2018 incrementáronse as taxas nun 2,15%; no 2019, un 3,51%; no 2020, un 2,69% e neste 2021, case o 1%, algo que, como é lóxico, está a producir un gran impacto sobre a cidadanía e as empresas de Galicia, e tarifas que seguirán aumentando progresivamente no futuro en virtude desas subas extraordinarias autorizadas por Gobernos socialistas.

Esta suba das peaxes redunda no agravio comparativo do que vimos sendo obxecto os galegos con respecto ao resto das autoestradas de competencia da administración central, posto que a tendencia é eliminar ou rebaixar as peaxes, todo o contrario do que se está a aplicar en Galicia. Ata tal punto que, a AP-9 foi o pasado 1 de xaneiro a autoestrada estatal que máis subiu as súas peaxes, o que a converteu nunha das máis caras de España.

Ademais das deficiencias detectadas na autoestrada, que poñen en dúbida a seguridade e calidade do servizo, continúa sen liberarse as peaxes prometidas e pendentes dende 2018.

Non podemos esquecer, tampouco, que a AP-9 é unha infraestrutura incompleta, na que acumulan retrasos importantes obras pendentes como a ampliación da avenida de Alfonso e o Vial 18 na Coruña; o remate da saída en Ferrol; o enlace Orbital en Santiago; a remodelación do nó de Bombeiros en Pontevedra; ou a integración urbana en Vigo.

Xunto con todo isto, o Goberno de España desoe os chamamentos da Xunta de convocar a comisión conxunta sobre a AP-9 para abordar as bonificacións e para avanzar nas negociacións sobre a transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular de Ordes, propón ao pleno municipal os acordos de instar ao Goberno de España:

Primeiro.- Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das nosas empresas e do noso territorio.

Segundo.- A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

Terceiro.- A convocar a comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión”.

Intervén o Sr. Vidal, que solicita a palabra para preguntarlle ao Sr. Secretario unha cuestión de orde. Pregúntalle ao Sr. Secretario se un asunto foi tratado no pleno e non admitida a urxencia votándose en contra, pode volver a tratarse no mesmo pleno.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala nominativamente as mocións teñen a mesma denominación pero o contido das propostas non é exactamente a mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que a denominación non é a mesma, a moción do BNG é sobre a transferencia da AP-9 a Galicia, a moción do PP é aplicación inmediata das bonificacións na AP-9 e outros.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que as mocións se refiren a AP-9, pero o contido e a proposta dos acordos é distinta.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que cree que os acordos son os mesmos.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que o acaba de explicar o alcalde, ao do PP e para que se apliquen unhas bonificacións, non fala para nada da transferencia. A que presenta o BNG é sobre a transferencia da AP-9 a Galicia. O obxecto das mocións é distinto.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que no punto terceiro da moción do PP fálase da transferencia.

Intervén o Sr. Secretario, que sinala que é un engadido, pero o obxecto da moción son as bonificacións, o contido principal da moción non é a transferencia.

Intervén o Sr. Vidal, que sinala que eles tamén mencionan as bonificacións. Os acordos son exactamente os mesmos.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que en parte claro que están de acordo en todo isto, pero temos que partir que a situación actual da autoestrada remóntase á privatización e ampliación da concesión da AP-9 que fixo o goberno de Aznar cando o Sr. Feijoo era o Conselleiro de Obras Públicas. Aznar prorrogou a concesión da AP-9 ata o 2048 de xeito que en Galicia seguimos pagando peaxes pola AP-9 mentres outras autoestradas feitas na mesma época xa regresaron ao público e se levantaron os peaxes. A proposta de traspaso da AP-9 foi debatida e aprobada polo Parlamento de Galicia ata en tres ocasións, o goberno de Rajoy a bloqueou na Mesa do Congreso e impediu o seu debate, impedindo o debate da proposición de lei para o traspaso por unanimidade. Hai que ter en conta os aspectos clave, a rebaixa histórica que vai a levar a cabo o goberno de Pedro Sánchez destina nos OXE un total de 63 millóns de euros. O BNG e PP votaron en contra dos



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

OXE que permiten levar a cabo as bonificacións das peaxes. Sen a aprobación dos OXE para o ano 2021 non se podería levar a cabo esta bonificación. O PSdeG está a traballar co goberno de España para que o acordo coa concesionaria estableza unha rebaixa dos peaxes ata 2048 e que esa rebaixa sexa o máis beneficiosa para todos os galegos. Dende o Ministerio de Transporte comunicouse que se estima que ese acordo coa concesionaria se fará no primeiro semestre de 2021. Os socialistas galegos queren que ese acordo se faga canto antes pero con rebaixas importantes ata o 2048 no que remata a concesión prorrogada por Aznar. Cara a Xunta de Galicia teñen que dicir que o PP non fixo nada para rebaixar os peaxes da AP-9 e se opuxo aos OXE deste ano. O goberno de España pon 63 millóns de euros para bonificacións na AP-9 pero o goberno da Xunta pon cero euros para bonificar eses peaxes, outros gobernos autonómicos si bonifican peaxes de autoestradas estatais. O goberno galego debería informar dos plans de contribuír economicamente na rebaixa de peaxes ata o fin da concesión ata o 2048.

Intervén o Sr. Alcalde, que agradece a intervención do Sr. Viqueira, oxalá defenderan con tanta forza a construción da rotonda no pq. 37. Quedoulles clara a súa postura.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que tras ver a moción do BNG que foi rexeitada e ver esta. Os acordos son similares, son iguais. Están a favor de que haxa esa rebaixa e que se transfira a AP- como aquí demandan. Votarán a favor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos Voceiro do grupo político BNG, que sinala que presentaron unha moción para a transferencia da AP-9 a Galicia, que contén os mesmos acordos que plantexa a moción presentada polo PP o luns tres días despois de que o BNG presentase a súa. Por que presentaban esta moción, por que a AP-9 é a principal arteria de comunicación de Galicia, unha vía estratéxica que cruza o país de norte a sur, articulando un territorio no que se asenta máis do setenta por cento da poboación e a meirande parte da actividade económica do país. A pesar desta importancia estratéxica esta infraestrutura ten unhas tarifas desorbitadas que teñen que soportar a diario arredor de 22.000 galegos e galegas. Esta peaxe abusiva é un verdadeiro lastre para a economía das persoas e das empresas do noso país. A historia da AP9 é a crónica dunha discriminación con Galicia, que nos ten custado miles de millóns de euros en peaxes. Cómpre lembrar que a concesión desta autoestrada remataba en 2013, e que, se aínda temos que seguir pagando polo seu uso, é porque esta foi ampliada por parte dos distintos gobernos do Estado -dez anos polo goberno de Felipe González en 1994 e 25 anos por parte do goberno de José María Aznar en 2000-. A maiores, en 2003, o goberno de Aznar vendería co beneplácito da Xunta -da que era conselleiro de Ordenación do Territorio, o actual Presidente, Núñez Feixóo-, a autoestrada por un prezo ridículo. Como consecuencia destas decisións políticas, hoxe Galicia conta non só cunha das autoestradas máis caras do Estado senón tamén coa concesión máis longa posíbel, 75 anos, até 2048. Así, mentres na Galicia pagamos as peaxes máis caras, a práctica totalidade das autoestradas do Estado ou son de balde ou o serán en breve. O que supón un forte impacto económico para as arcas de miles de traballadores e traballadoras e un lastre á competitividade das nosas empresas é, á súa vez, un suculeto negocio para a empresa concesionaria, que en 2019 recadou 153 millóns de euros, uns 420.000 euros diarios. A loita social e institucional para poñer fin a este abuso vén de lonxe. En abril de 2016, o Parlamento de Galicia aproba por unanimidade, a instancias do BNG, a Lei para a transferencia da AP9 a Galicia, que sería vetada pola Mesa do Congreso o 13 de decembro dese mesmo ano. O mesmo veto tería o novo proxecto de Lei impulsado polo BNG a comezos de 2017 e aprobado polo parlamento galego en maio de 2017. Quedaba claro que se trataba dun veto político, disfrazado de razóns técnicas e orzamentarias. E para deixalo máis evidente, ao tempo que se vetaba a transferencia e o rescate da AP9, o goberno do Estado aprobaba a principios do 2018 o rescate de 8 autoestradas de peaxe ruinosas, entre elas as radiais madrileñas. Unha decisión que tería un custo para as arcas do Estado de máis de 4.000 millóns de euros. Non había diñeiro público para rescatar a AP9, mais si o había para salvar ás construtoras e á banca que construíron e xestionaron autoestradas



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

ruinosas. Por fin, o 2 de febreiro do presente ano o Congreso aproba, por ampla maioría, a toma en consideración da Lei de Transferencia de Titularidade e Competencias da Autoestrada AP9. Desde o BNG consideramos que a transferencia é un primeiro paso para acabar cunha discriminación histórica, e é necesario que se realice libre de cargas, que sexa rescatada polo Estado de igual maneira que se rescataron no seu día as radiais madrileñas. Mentres a tramitación desta Lei non conclúa -algo que debería ter lugar no actual período de sesións-, é preciso que se efectívise canto antes a rebaixa das peaxes da AP9, comprometidos no acordo de investidura co BNG. Unhas rebaixas históricas só pendentas de efectivizarse, e para o que o goberno do Estado dispón de 54,9 millóns de euros nos orzamentos de 2021. Como efectivamente os acordos son os mesmos que propuxemos na moción do BNG, votarán favorablemente a esta moción e non farán como vostedes, votando en contra da urxencia canda non lles interesa. Votan favorablemente, sempre están abertos ao debate, aínda que nesta ocasión presentando a mesma moción, cos mesmos acordos, unicamente por que non lles guste ou lles guste menos a exposición de motivos, non consideran que sexan artes que se deban practicar, teñen a maioría e o poden facer.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que xa está ben de utilizar as quendas de intervencións para dar leccións, non son necesarias, respecte a democracia, respecte o regulamento. So se dedica a dar leccións, non é o momento oportuno. Non é vostede quen, non está facultado para iso. Pídelle que respecte a todos e cada un dos integrantes desta corporación e a súas decisións á hora de formular as súas votacións. Deixe de adoutrinar aos demais. Agora o estaba a comentar coa voceira e se quere faga memoria. Eran vostedes ala no comezo dos anos oitenta os que dicían que a autoestrada era o coitelo de Galicia, que ía partir Galicia en dous e estaban en contra dela. E se manifestaron moitas veces en moitos municipios para que a autoestrada non existise. E agoar so querer poñerse a medalla do traballo que fai outra xente, e tratan de xustificar o seu único voto no Congreso dos Deputados co que conseguiron alí coa voceira do PSOE, unha foto, nada máis, xa llo dixo fai un momentíño o voceiro do PSOE. A súa principal intención era votar en contra dos orzamentos, cando votan vostedes a favor de algo nesta corporación nunca. So o que a vostedes lles interesa, o que lles parece. Pídelle por favor, tampouco quere entrar nese tipo de dinámica con vostede, por que non leva a ningún lado, que non queira dar leccións. Vostede defenda a súa postura e se lamentablemente non ten os votos suficientes por que a veciñanza non llos dá respecte o xogo político, respecte a democracia, a representación que ten esta corporación. É o que lle toca e como nos tocou aos demais durante moito tempo. Creo que nunca chegaron a esas argucias que fai vostede cara a galería de dar frases, para despois poder saír nas redes sociais, que é o único que sabe facer, nada máis, propostas construtivas cero.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que como dixo o Presidente da Corporación vostedes nos últimos tempos queren colgarse as medallas e cunha argumentación demagóxica para blanquear a súa culpa e votar fora os balóns da responsabilidade. Se quere facer historia fagámola. Debería lembrar que no ano 2008 que formaban vostedes máis o PSOE votaron en contra da reclamación da transferencia da AP-9 a Galicia. No 2006 gobernando vostedes asinaron un acordo co goberno e Audasa para bonificar as peaxes de Rande e a Barcala con cartos de todos os galegos, a pesares de ser unha autoestrada estatal, despois o Consello de Estado determinou que ese acordo era enriquecemento inxusto de Audasa. En 2011 vostedes socios do goberno decidiron que as obras de ampliación da autoestrada en Rande as pagasen tamén os galegos cos seus petos, con subas extraordinarias das peaxes durante vinte anos e non cos OXE. O Consello Consultivo de Galicia ditaminou que ese acordo con Audasa, que por certo foi ratificado novamente no 2018 polo goberno socialista, supoñía vantaxes totalmente desproporcionadas para a concesionaria e ditaminou tamén que esas subas eran nulas de pleno dereito. Agora o BNG a cambio duna foto, que é o mesmo que a cambio de nada, asina un acordo co goberno do Sr. Sánchez traizoando o interese de todos os galegos, permitindo que o 1 de xaneiro a AP-9 rexistre a maior suba de todas as autoestradas do estado. Chegamos ao presente o BNG



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

volve a pretender enarbolar a bandeira das bonificacións anunciadas nos OXE e votan en contra dos OXE. Non deixan de ser un mero anuncio estas bonificacións, a quen queren enganar. Non dubidan que vostedes e os seus grupos queiran a transferencia e as bonificacións, equivocáronse de estratexia e de socios. Tamén están de acordo co requirimento que o Ministerio de Transportes lle acaba de enviar á Xunta que pide que se indemnice a Audasa o que houbera recibido menos o que ha recibido, os intereses que legalmente lle corresponden e pagos anuais que se devenguen dende o 23 de novembro de 2020 ata o 18 de agosto de 2048. Poñen 60 millóns anuais nos OXE e Galicia ten que pagar 400 millóns anuais. Sentense orgullosos por este acordo, pensan que somos idiotas, que os galegos son idiotas. Déixense de tantas leccións, de tanta demagogia e utilicen máis a cabeciña e o sentidiño.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que non sabe que quería dicir a Sra. García con esa desesperación. Está ben solicitar isto. Que o goberno galego informe dos seus plans sobre a posibilidade de contribuír economicamente coas rebaixas das peaxes ata o fin da concesión no ano 2048.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que se reafirman no anteriormente dito. Está ben se lle pida unha rebaixa nos peaxes e se faga unha transferencia.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que respectan a democracia, fan intervencións, o que no pode facer vostede é que se diga única e exclusivamente o que a vostede lle gusta.

Intervén o Sr. Alcalde, que lle pide que respecte o regulamento. Acaba de darlle o turno para a segunda parte da intervención da moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que quere formular unha cuestión de orde, vostede saltouse o regulamento. Vostede está presidindo o pleno, non pode facer valoracións políticas. Vostede ve ao presidente do Parlamento galego á Presidenta do Congreso dos Deputados facendo intervencións políticas en nome do PP ou do PSOE. O PP fala dúas ou catro veces en cada pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o Sr. Vidal Ríos descoñece o regulamento orgánico deste concello. Déixese de cousas estrañas.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que non son cousas estrañas, vostede non pode facer unha intervención política cando esta moderando o debate. Neste caso esta a falar a Sra. García Gómez, non pode saír o Alcalde a facer unha valoración política cando está moderando o debate.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o pleno o preside el, ten unha chamada ao orde, non lle obrigue a facer unha segunda chamada ao orde. Cíñase á moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se ciñe á moción, pero se lle falan dun asunto ten que contestar. Seguen no mesmo. Ven agora o PP despois de no Parlamento galego cando o BNG lles presenta unha lei para a transferencia da AP-9 á Galicia e despois chega a hora de debatela no Congreso dos Deputados e é vetada na Mesa do Congreso, que demagogia. Aquí en Galicia votan unha cousa e en Madrid todo o contrario. E o PP non foi quen ampliou a concesión da AP-9 en vinte e cinco anos. Sexamos serios, o BNG si lle deu un voto de





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

confianza ao PSOE cando foi a investidura, a cambio dunha serie de compromisos. Aquí neste pleno municipal temos dito, votado en cara que o BNG ía a apoiar os OXE, vaticinou iso. Non votaron a favor dos OXE por que os consideran discriminatorios para Galicia. Estamos aquí para defender os intereses dos galegos votamos en contra. A pesar de intentar negociar unha mellora e demais, pero non foi posible. O voto en contra do PP non foi so por que en Galicia houbera peores investimentos, foi decisión de Pablo Casado. O BNG presentou esta moción ante os abusos do PSOE e PP. Seguen defendendo primeiro a transferencia da AP-9 a Galicia e despois as bonificacións que foron acordadas no acordo de investidura e seguiran presionando, se fose con mobilizacións, para conseguilo.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que non van a reiterar, van a deixar ao marxe as discrepancias, as diferencias ideolóxicas para facer unha fronte común como se fixo no Parlamento de Galicia coa demanda apoiada en tres ocasións polos tres grupos políticos. Apoiar unha demanda de todos os galegos, non é tempo de reproches, hai que mirar cara adiante e xestionar con responsabilidade. Todos consideran que a AP-9 é patrimonio dos galegos non da concesionaria. A Xunta xa trasladou ao Ministerio de Transportes a súa proposta de bonificación da AP-9, agardan que este requirimento que veu do Ministerio se poida solucionar o máis favorablemente para Galicia. Agarda que todos os grupos que están aquí representados, no Parlamento galego, traballen conxuntamente nesta última tempada. A transferencia da AP-9 pídese con ánimo de integrar e non de atacar, sexamos todos responsables, actuemos con coherencia, responsabilidade e sentidoño.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar ao Goberno de España:

Primeiro.- Ao establecemento inmediato dun sistema de bonificacións de peaxes na AP-9 que rebaixe o custo da autoestrada e o seu impacto nos petos das familias e na competitividade das nosas empresas e do noso territorio.

Segundo.- A deixar sen efecto as novas subas extraordinarias previstas para financiar as obras de ampliación da autoestrada.

Terceiro.- A convocar a comisión conxunta da AP-9 para abordar coa Xunta o modelo de bonificacións e para avanzar na transferencia a Galicia da titularidade da autoestrada con todos os recursos necesarios para acometer as obras pendentes e para a súa axeitada xestión.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira grupo político PP, que formula a moción que se transcribe a continuación.

“A Deputación da Coruña do mandato 2015/2019, baixo un goberno bipartito PSOE-BNG apoiado nas Mareas e en outros partidos independentes, deixou sen atender a práctica totalidade das demandas de inversións formuladas desde o Concello de Ordes, e a data presente semella que os mesmos dirixentes van operar do mesmo xeito no mandato 2019/2023. A día de hoxe son ben coñecidas por todos as importantes minoracións nas achegas económicas do plan de obras e servizos de competencia municipal, POS+2020 (actualmente en execución pola gran demora na súa aprobación), e os efectos das aportacións no recentemente aprobado POS+2021. Tamén compre lembrar a falta total de dotación orzamentaria, cero euros, para levar a cabo o plan complementario do ano 2020, que



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

imposibilitou a realización de ningún dos seis proxectos aprobados polo pleno de Ordes para tal fin.

Reafirmando a mesma liña do contido da exposición de motivos da moción aprobada polo pleno municipal do Concello de Ordes en outubro de 2019, compre lembrar que o reparto das subvencións nominativas e as diversas actuacións acometidas nas vías provinciais, dista moito de acadar a equidade, con un reparto xusto e lóxico, na provincia da Coruña, pois semellan sempre estar sempre orientadas ao beneficio case exclusivo dos gobernos de unhas determinadas cores políticas. Como podemos comprobar calquera, o que é medible ou cuantificable, non é opinable; e chega con ollar a plataforma de contratación do organismo provincial e as licitacións en obras para concellos afíns, e comparar con aquelas destinadas a concellos gobernados por corporacións con maioría do Partido Popular.

Referíamos entón o seguinte texto, e reiteramos e abondamos agora no mesmo contido:

“No termo municipal do Concello de Ordes no remate do ano 2015, xusto coincidindo co cambio de goberno, o anterior Presidente do ente provincial, Diego Calvo Pouso, deixou atados dous compromisos, como foron a financiación mediante subvención nominativa do pavillón polideportivo Campomaio e adición de ximnasio por importe de 150.000 euros (logo da licitación o ingreso foi de 112.094,87 euros, deixando 37.905,13 euros nas arcas da Deputación), e a execución da senda peonil da Brea pk. 5+820 a 7+510, por importe de 201.918,71 euros (finalmente adxudicada por importe de 123.353,80 euros). En novembro de 2016 a petición do Gr PP na Deputación entregouse un proxecto na Deputación para as obras de Prolongación de Beirarrúas na Rúa dos Lagartos, por importe 115.529,93 euros, nas que se contaba con unha financiación inicial de 55.500 euros (o 48,04%), e que finalmente foi adxudicada con unha baixa en canto a esta porcentaxe de financiación provincial de 10.932,30 euros, importe este que tamén pasou a formar parte das arcas da Deputación.

No referente a arranxos nas vías provinciais, presentáronse os seguintes proxectos:

1.- Marzo 2016. Senda peonil para seguridade vial na DP-5903 de Ordes a Portomouro por Ponte Chonia. P.K. 1+635 a P.K.4+435 (Marxe esquerda), por importe de 1.008.977,50 euros. Lembrar que poucos meses despois o PSOE de Ordes presentaba unha moción para que esta actuación se levase a cabo.

2.- Xullo 2016. Senda peonil para seguridade vial na DP-5905 acceso a Poulo dende a DP-3802 (Ordes-Pontecarreira) P.K. 0+000 ó P.K. 0+890, por importe de 479.447,91 euros.

3.- Setembro 2016. Humanización na DP-5905 (Acceso a Poulo dende DP-3802 a Pontecarreira) P.Q. 0+890 a P.Q. 1+170, por importe de 122.685,69 euros”.

Na mesma moción de outubro de 2019, facíase referencia a Coruña, don Valentín González Formoso, o 11/07/2016, onde se dou traslado entre outras cuestións, da petición de financiación para a creación de un segundo campo de herba artificial, para o que se anunciou un plan de deportes que nunca chegou a ver a luz. Esa obra igualmente foi feita, e hoxe Santa Cruz de Montaos, conta con campo de fútbol de herba artificial, sufragado integramente polos fondos propios do Concello de Ordes. No mesmo encontro recordouse a urgente necesidade de acometer as obras contempladas no proxecto –xa elaborado por técnicos da Deputación- de Humanización da Rúa do Recreo (DP-5903) e o lugar de O Balado ata a estada Ordes-Carballo (AC-413) no Empalme, así como a necesaria mellora da sinalización vertical e horizontal da Rúa Rosalía de Castro.

Non escapa a ninguén que o Concello de Ordes, ao igual que os concellos de gobernos da formación popular, non recibe o apoio necesario por parte do ente provincial, a hora de



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

atender as necesidades que se formulan e demandan xustificadamente para as vías que son da súa exclusiva titularidade, varias das cales se enmarcan dentro do noso termo municipal, mais aló de pequenas partidas anuais adicadas ao mantemento e conservación.

Podemos lembrar, como exemplo, que a actuación para resolver o lamentable estado que presentaba a DP-2405, entre o P.Q. 6+000 e o 6+600, no propio casco urbano do Mesón do Vento, tardou mais de un ano e medio en ser resolta desde que se puxo a finais do ano 2018 en coñecemento do ente provincial por parte do Concello de Ordes, e acadouse a execución das obras tras reiterar de xeito continuado a urxente necesidade de esa actuación en diversos encontros e reunións mantidas con representantes do goberno da Deputación e visitas dos vixiantes ao lugar. Dita actuación, tras moito insistir, foi finalmente iniciada o 27 de abril de 2020, a partir de un proxecto elaborado pola Deputación que xa databa do mes de marzo de 2019.

Sen abondar mais, está a vista de calquera, que contrariamente ao que reciben os veciños de Ordes, e ben distinto o proceder e a asignación de fondos para licitacións de obras en actuacións nos concellos que comparten cor política co goberno da Deputación, sirvan como exemplo numerosas obras nos concellos de Oroso (PSOE) ou Carballo (BNG); onde se licitaron e executaron múltiples infraestruturas de mellora no firme, humanización e creación de sendas peonís ou beirarrúas dende xullo do ano 2015 nas diversas vías de titularidade provincial.

Resulta moi curioso, e así o vamos facer constar para rematar esta exposición de motivos, que os tres concelleiros do BNG de Ordes, se atreveran a vender, e tratar –que non é o mesmo que acadar- de confundir unha vez mais a veciñanza, como que é un logro propio a actuación acometida a finais do ano pasado no PQ 35 da N-550 a altura do núcleo de Merelle, baseándose en unha recollida de sinaturas e un escrito dirixido a Fomento, saltándose alegremente todos e cada un dos preceptos legais de información aos asinantes como xa foron advertidos en sesión plenaria do 30/01/2020, data na que defenderon unha moción para este asunto que foi rexeitada polo pleno. Esa actuación tan necesaria e demandada por este goberno local no lugar de Merelle, pendente dende facía mais de 20 anos, estaba en fase de elaboración do proxecto de obras co levantamento topográfico efectuado en semanas previas a presentación da moción, logo de ternos entrevistado co Xefe provincial da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, e visitado o lugar co técnico responsable de Conservación e Explotación, quen atendeu e escoitou as demandas dos veciños mais afectados nas dúas inmediatas anteriores inundacións en ese lugar, acontecidas as últimas en datas moi próximas. Indicar tamén que en unha actuación acometida polo Concello de Ordes no remate do ano 2016, con fondos financiados ao 80% por parte da Xunta de Galicia, executouse o punto de conexión e a canalización precisa para poder evacuar na actualidade as augas, deixouse entón previsto e a disposición da futura actuación o rexistro de pluviais no que agora están conectadas as novas tubaxes, acometidas e reixas; coas que todos agardamos se resolvan as inundacións recorrentes en este punto con carácter indefinido. Pero incidindo no mais interesante de todo isto, resulta moi curioso pola contra, que en ningún momento vimos ata o presente a estes concelleiros nacionalistas, actuar na procura de melloras para o seu concello, demandando aos seus compañeiros da Deputación, obras como as que hoxe forman parte dos acordos da presente moción. Agardamos, xa que vostedes non as solicitan, cando menos, o poder contar co seu voto favorable para as mesmas.

Propoñemos en consecuencia do exposto, ao pleno do Concello de Ordes a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro.- Instar, pola súa urxente necesidade, a inmediata revisión e aprobación do proxecto das obras de Humanización na DP-5903 para o barrio do Recreo e o lugar do Balado,



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

dende o entronque coa N-550 ata chegar a AC-413; procedendo a dotación de crédito con carácter bianual a cargo dos vixentes orzamentos provinciais de 2021, e continuando a financiación cos de 2022 para licitar e executar a obra completa.

Segundo.- Instar que no presente ano 2021 e no vindeiro ano 2022, se proceda coa aprobación e licitación dos proxectos presentados no ano 2016, todos eles recollen obras en vías de titularidade provincial que se atopan dentro do termo municipal de Ordes; na DP-5903 de Ordes a Portomouro (conectar con unha senda o Balado-Empalme coa estación da Pontraga, por onde transcorrera a futura Vía Verde, xa adxudicada con fondos IDAE e que se agarda estea lista en uns 6 meses), e na DP-5905 (entorno da Calle de Poulo por onde transcorre o Camiño Inglés, completando a senda, que actualmente chega dende a vila de Ordes a ponte da Pinguela, ata o lugar de A Calle, e Humanizando axeitadamente conforme as indicacións e pautas de Patrimonio Cultural o tramo de calzada do antigo Camiño Real e as súas inmediacións no núcleo, en un entorno onde xa está previsto crear este ano 2021 unha área de descanso de peregrinos, con aproveitamento para os veciños).

Terceiro.- De acadarse a realización completa das obras aquí formuladas, o Concello de Ordes estaría disposto a asumir o compromiso xa trasladado para que se efectúe o traspaso inmediato da titularidade do tramo urbano da DP-5903 dende a N-550 ata o lugar de O Empalme, da Rúa Rosalía de Castro na vila de Ordes, e de toda a traza da DP-5905 ao seu paso polo lugar de A Calle (Poulo), deixando exclusivamente como de titularidade provincial a variante formada pola vía con denominación DP-3802, que comunica Ordes coa Pontecarreira.

Cuarto.- Dar traslado dos presentes acordos a todos os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (9 grupo político PP, 2 grupo político BNG, 3 grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que hai moita retórica, sobran comentarios cara os compañeiros do BNG. Ordes ten que ter as infraestruturas que lle corresponden conforme á lei. Non pode haber agravios comparativos con Oroso, Carballo ou Cee. Hai que reclamar o que lle corresponde a Ordes e o teñen que reclamar vostedes que están gobernando en maioría. Apoiase que Ordes ten que urbanizarse, teñen que darse as axudas que sexan necesarias por parte da Deputación. Vostedes teñen que esixilo, se non llas dan teñen que pelexar por elo, por iso se lles paga.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que están de acordo cos acordos que propoñen, todo o que sexa traer obras e mellorar as infraestruturas o ven ben. A humanización do barrio do Recreo, levan un rogo para reparar as beirarrúas, é necesaria para os veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que poden mirar na páxina web municipal por que lles causa moita gracia que recorren constantemente a Diego Calvo. Se miran o 30 de marzo de 2016 os que figuran aí son Alcalde de Ordes con Xosé Regueiro, que naquel entón era o responsable da Área de Cooperación cos Concellos e actualmente Vicepresidente da Deputación Provincial da Coruña polo BNG. Que fixeron isto,



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

asinar o convenio para o acondicionamento do pavillón polideportivo Campomaioir presupostado en 258.000 euros, aportando 150.000 euros a Deputación. ese mesmo día tamén se anunciaba que a Deputación Provincial viña de aprobar dentro do seu Plan de senda peonil para o ano 2016 o acondicionamento da senda da Brea na zona do Mesón do Vento cun investimento previsto de 202.000 euros. Reitera que non ve ao Sr. Diego Calvo por ningures. Srs. do PP respecten a democracia, dende 2015 Diego Calvo non pinta nada no goberno da Deputación. Din que no ano 2016 Diego Calvo deixou comprometidos fondos, para que se non está gobernando dende 2015. No ano 2016 a Deputación tiña os seus propios orzamentos. Iso o fixo o goberno da Deputación da Coruña que entrou en substitución de Diego Calvo e que como poden ver nas fotografías asinaron con Xosé Regueiro, non con Diego Calvo. Deixen de mentir. Na DP-2405 no casco urbano se tardou, pero foi por que se fixo un estudo rigoroso para solucionar definitivamente o problema que era un defecto de execución na base cando foi construída a infraestrutura e en vez de andar tirando no asfalto cada dous por tres na zona e non se solucionaba o problema, decidiuse afrontar o fondo do problema, arranxar definitivamente a base cun investimento de 89.000 euros. A prolongación da rúa dos Lagartos o mesmo foi asinado co goberno da Deputación da Coruña que vostedes tanto critican. Non con Diego Calvo que non formaba parte do goberno. Vostedes venden nesta moción que o campo de fútbol de Montaos foi feito con fondos propios, certo, pero por que ese ano do POS+ da Deputación desviaron 437.000 euros da achega provincial de 2019, para gasto corrente. Dispoñían de 437.000 euros para obras no orzamento municipal. Entón con eses fondos puideron acometer esa obra. o mesmo fixeron nos últimos anos, desvían fondos para o orzamento municipal e quéixanse logo de que as obras quedan sen facer. Este ano 383.000 euros para o orzamento municipal e logo virán o ano que ven queixándose de que as obras non se fixeron por que a Deputación Provincial é moi mala, por que o goberno municipal é quen decide trasladalos para o orzamento, para despois vender que son actuacións con fondos propios. Esa é a realidade. É resulta curioso que nunha moción sobre a Deputación traian a colación a cuestión de Merelle. Non sabe que ten que ver neste caso, isto non fai máis que demostrar que hoxe acoden a este pleno para facer oposición á alternativa neste concello. A cuestión de Merelle, o BNG recibiu unha contestación da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia que pon que en resposta ao seu escrito de data 29/01/2020, nº rexistro de entrada 182, no cal se solicita a actuación no drenaxe da N-550 Pq 34,450 e pq 36,00, cabe informar que foron realizados os traballos requiridos. Aínda que lles moleste, o BNG en xaneiro de 2020 acudiron ante a veciñanza que estaba cansada de que se lle inundaran as casas porta a porta, explicando o que reclamaban, recollendo apoios que foron trasladados á Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, incluso ao Pleno do Concello. Tróuxose unha moción ao respecto que intentaba solucionar os problemas, co voto en contra nesa ocasión do PP. Solucionouse o problema, agardaba que neste pleno agradecesen o traballo e que se conseguise a actuación. Que non foi do xeito que lles gustaría, pode ser, pero se contribúe a que cando chove un pouco forte a veciñanza poida descansar tranquila, xa é un logro. Con respecto ao que solicitan nos acordos desta moción. Con este grupo e co resto de grupos non se sentaron en ningún momento para buscar proposta e analizar os proxectos. Os proxectos que lles presentaron, nin saben o que queren facer aí, e queda claro que non nos podemos fiar do seu criterio, como xa quedou demostrado na senda peonil das Casillas, este grupo advertiulles que o trazado como estaba proposto era un auténtico despropósito ao colocar unha senda peonil entre unha vía de servizo e a N-550. Cando resulta que agora debería ser multada a veciñanza que transita por ela. Non hai un triste paso de peóns para cruzar pola senda ata o cacho que vai polo medio. O que tiña sentido era o que lle propuxeron, votar a senda peonil polo exterior da vía de servizo. Negáronse, por que o tiñan que facer así. Non poden fiarse por que saben o seu criterio. O que tiñan que facer era sentarse cos grupos e buscar alternativas. Traen aquí e piden que voten a cegas uns proxectos que non viron nin diante. Como son un grupo serio non van a actuar así desta maneira en van a absterse.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o colmo da mentira é o que vostede di aquí pleno tras pleno, e trata de confundir á xente e queda tan ancho e parécelle que sempre ten a razón.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

Vostede lee un escrito que lle manda a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, el vai a lerlle outro que di que en resposta ao seu escrito de 20/03/2019, nº rexistro de entrada 2322, no cal se solicita actuación no drenaxe na N-550, pq 34+800, cabe informar que se realizaron os traballos requiridos. Que pasa, nos non facemos o noso traballo, necesitamos das súas sinaturas ilegais para facer o noso traballo. A nos contestan a un escrito do 20/03/2019 e vostede vende fume cun escrito do ano 2020, cando se había feito o levantamento topográfico, o proxecto xa estaba elaborado. Unhas obras que estaban perfectamente pensadas e estruturadas en base a unhas obras que se executaron con anterioridade no ano 2016, polo que xa existía rede de evacuación para sacar as augas de alí e un pozo contemplado ao pe da N-550. Unhas obras que a pesar de que xa lle requirimos en varias ocasións están sen rematar. Vostede e os seus compañeiros pónense a facer unha foto nunhas obras sen rematar. Ese é o seu cinismo e a súa demagogia. Nos tamén mandamos escritos, tamén á Deputación Provincial, escritos, peticións, proxectos, pedimos reunións, non se lles atende, seguen traballando, pensando nos veciños do concello. Di que é a alternativa, a que, pensa que é a alternativa á Xunta de Galicia, por que basicamente o que trae aquí son mocións de competencia autonómica ou estatal. Cree que o seu sitio é o de Nestor Rego ou Ana Pontón, pensamento de estar algún día ocupando este posto non ten xa ningún. Iniciativas para este concello, co que acaba de dicir fai un momento que é unha sarta de mentiras, cero. É lamentable que tiveramos que ter agardado ata marzo de 2016 para que se incorporasen os fondos para facer o pavillón Campomaior, pero ese compromiso o deixou asinado Diego Calvo antes de irse da Deputación, senón hoxe en día non teríamos pavillón Campomaior e adición de ximnasio. A senda da Brea quedou comprometida nos acordos que hai entre presidente entrante e saínte na mesma reunión. Foi partícipe da chamada nesa reunión, daralle igual o que lle conte pero esa é a realidade. O chamaron para que presentase un proxecto por que había un compromiso do presidente da Deputación para que se aprobase, o do BNG púxose alí para a foto. A senda da Brea se incluíu no plan de sendas de 2016 pero ata o ano 2018 non se empezou a executar. Despois di que na obra na DP-5905 tivo que facerse un estudo rigoroso. O proxecto estaba feito dende marzo de 2019, estivo con eles a técnico da Deputación e o vixilante, xa estaba perfectamente claro e definido como se tiña que facer a obra, onde se tiña que actuar e de que maneira. Quere seguirlle mentindo á veciñanza de Mesón do Vento. Estaban alí varios veciños con eles ese día. sabemos perfectamente do que estamos a falar. Di que se tivo que baixar varios metros. Os proxectos que eles entregan á Deputación preocupanlle moito. Baixáronse 60 cm, onde están os varios metros. Mida as palabras do que está a dicir. Tamén se quere poñer a medalla das beirarrúas da rúa dos Lagartos. Fondos que se adjudicaron en subvencións nominativas para todos e cada uns dos grupos presentes na Deputación Provincial, 75% para PSOE e BNG e o 25% restante que deixaron para o PP, a pesar de gobernar en máis do 50% dos concellos da provincia da Coruña. 55.000 euros que lles tocaron en catro anos, cando hai concellos, véxase o Concello de Carballo percibiron máis de un millón de euros en subvencións nominativas e máis de tres millóns en inversións en vías de titularidade provincial. Analice os pregos e o perfil do contratante e ten as cifras. O mesmo podemos dicir de Oroso, fan ben, están alí gobernando, piden actuacións e fanse. A nos nos discriminan, dinse unha cousa e faise a contraria. Gracias a que pasaron os fondos do POS+ 2018 a gasto corrente poden facer as obras e os veciños poden desfrutar das obras. O contrario sería se houbésemos posto eses fondos a disposición da Deputación da Coruña, ese proxectos estarían sen facer como acontece co POS+ 2020, que se acaban de iniciar a semana pasada nos 93 concellos da provincia de A Coruña. Foi un 2020 perdido a nivel de infraestruturas para a Deputación da Coruña. As obras que están feitas son as dos orzamentos municipais de cada concello. Se lle parece mal que lles chamemos a atención por que din que conseguiron a actuación de Merelle, que era unha necesidade de máis de vinte anos. Espera que a rematen definitivamente. Hai outros puntos de interese no termo municipal, eses esquecéronlle todos, o que sucede no pq 32, no pq 40+50. Cando lle propuxeron de incluír todo isto dáballes todo igual. A senda das Casillas, segue a darlle leccións aos técnicos da Demarcación de Estradas do Estado en Galicia. Presenta unha proposta de modificación do trazado, a Demarcación informa en contra, entrégaselle o informe do que vostede pretende en



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

contra e segue insistindo ano e medio despois en que iso está mal feito e pide que se fagan marcas de paso de peóns. Sucede o de sempre, descoñece a Instrución de estradas do Estado, cando se pode levar un paso de peóns, pasa olímpicamente do criterio obxectivo do director das obras, vostede sabe máis que ninguén, máis que o Xefe provincial, que o técnico de Fomento, que o vixiante e que o director de obra. reiterarse no que é esta moción, se algo piden son demandas xustas para os nosos veciños, son proxectos realistas de seguridade nas vías, proxecto realista na Calle de Poulo para darlle unha imaxe conforme ao ano Santo de 2022, crear unha senda onde acaba a actual beirarrúa no Balado ata a estación da Pontraga e a futura Vía Verde. Non é gracias nin ao BNG da Deputación, nin á súa teimudez, por que si que é terco con todas e cada unha destas cuestións, siga por ese camiño que non hai ningún tipo de problema. A obra do Recreo é necesaria e urxente, o estado que presenta a vía no casco urbano está seguro que non existe nunha vía dun concello coas características de Ordes. Ter unha estrada provincial nese estado e ter que estar facendo remendos todos e cada un dos anos. Que o vixiante estea desesperado por que non lle dan fondos para sequera poder facer unhas pequenas actuacións de beirarrúas. Enfronte dos nº 112-114 onde estivo valado e custodiado por parte da policía local un tramo de beirarrúa de 4,00 ml durante case dous anos. Non lles dea leccións. Teñen moito que aportar e traballar na Deputación Provincial nas súas vías. Están pedindo aquí o que consideran xusto, lexítimo e necesario para os nosos veciños nas súas vías provinciais. Llo pide ao PSOE e BNG, e que todas estas demandas están formuladas e os proxectos que teñen feitos os leven a cabo, que non tarden nin dous anos ou ano e medio en levalos a cabo. Son importantes para os veciños, sobre todo para a súa seguridade. Fai moita falta arranxar a rúa do Recreo, hai que por os fondos, se hai que cofinanciar, se hai que recepcionar a vía se se fai a obra o farán. Non hai inconvinte, con iso evitarán no día de mañá pedir autorizacións que consideran innecesarias. A exposición de motivos vai na liña de demandar as obras, que se faga equidade con este concello nos proxectos que no seu día formularon e que aínda que sexa pouco a pouco que se fagan, que se prioricen as máis necesarias e que se poidan levar a cabo. Piden o apoio a todas e cada unha delas.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo con algunhas das cousas que di. Hai que facer as obras, humanizar as rúas, pero non so se pide iso no escrito. Tamén se pide o traspaso da titularidade dos tramos urbanos. Como nos se lles deu para deliberar que rúas son humanizables, non van a votar en contra, van a absterse. Non tiveron participación nos proxectos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi a Deputación a que llo pediu ao concello, aceptan esa titularidade se fan a obra antes.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro do grupo político UxO, que sinala que non teñen nada máis que engadir. Todas as obras son necesarias que se poidan demandar. Benvidas sexan para o pobo e disfrute dos veciños.

Intervén o Sr. Vidal Ríos Voceiro do grupo político BNG, que sinala que non é tan complicado. A diferenza con antes é que agora non fixo duplicidade de intervencións, falou en nome do grupo do PP, e antes pretendía ser moderador do debate por presidir o pleno e despois entrevistou o PP outra vez.

Intervén o Sr. Alcalde, que pide que o Sr. Vidal Ríos se ciña ao contido da moción.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se referiu a el na moción neses termos, non lle pode contestar. Como pode vostede falar do asunto e el non pode contestar o que fai referíndose a el.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten unha chamada ao orde novamente. El é o Alcalde é preside o pleno. Se vostede quere utilizar o turno de palabra el dálle o turno de palabra. Se quere un turno de palabra por alusións cédelle un turno de palabra por alusións. Se non llo cede non llo cede, non faga o que lle dea a gana. Preside el, colla os artigos e colla o regulamento. Cíñase á moción e deixe de darlle leccións. Cando vostede preside tome vostede ás decisións e sexa o bondadoso que queira.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que so contestou a esta cuestión. A cuestión de Merelle, si está moi trillada. No 2019 farían un escrito, pero no 2020 a raíz de que non se fixera nada en todo o 2019 foron alí. Din que as sinaturas son ilegais, vostedes saberán. Din que foron a unha reunión ao concello, que nos advertiron que eran ilegais e que as presentaron igual, cando e onde.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que foi no debate da moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que vostede dixo que acudiron ao concello e que nos advertiron que iso era ilegal, ilegal de que. Leccións do PP sobre legalidade. Acudiron alí, recolleron sinaturas como se recollen para moitas outras cousas. A raíz de toda esa presión conseguiuase ao final que é o que importa solucionar o problema, que está sen rematar bueno, rematarase agora. Comprobouse que a actuación no tocante a evitar que se inunden as casas dos veciños foi efectiva. Agora haberá que acometer as actuacións de mantemento para conseguir esa efectividade, que tamén estará por ver. Fálalle que o trazado da senda das Casillas que propón o BNG para darlle continuidade polo exterior da vía de servizo ten un informe en contra, onde, non o viu en ningún lado, dubida que o teña. Inicialmente o informe de estradas dicía que o trazado da senda debía ser polo exterior da vía de servizo, era o que demandaba o BNG, pero despois vostedes para o que lles interesa presionan e moven todo en Fomento, tan so nunha semana conseguiron cambiar un informe para dicir que a senda peonil non tiña que ir polo exterior da vía de servizo, que valía como estaba formulada no proxecto entre a vía de servizo e a N-550. Cando neste mandato un grupo da corporación municipal lles pide nun rogo sinalizar os pasos de peóns para acceder a ese tramo de beirarrúa din que os técnicos din que non se pode facer por que está moi próximo á N-500 e ao mesmo tempo din que os técnicos din que a senda ten que ir polo medio, contradícese vostede mesmo. Primeiro apóiase nos técnicos para dicir que o trazado tiña que ser alí polo medio da vía de servizo e a N-550 e logo di despois que cando lle piden os pasos de peóns para sinalizar o acceso a ese tramo que os técnicos non llo permiten. A que se acollen logo. Fixeron unha proposta lóxica, vostedes non a quixeron levar a cabo. Tiñan que facer aquilo así, é lexítimo, o respectan, están gobernando. Respectar a democracia non ten nada que ver con denunciar as actuacións que consideran que son erróneas, e propoñer alternativas e melloras. Fai gracia que diga que pretenden ir á Xunta ou á Deputación, saben ven cal é o seu sitio no concello de Ordes e presentan propostas, alternativas. Que nesta ocasión tiveron que falar da UCI e da AP-9, por que tamén afectan a este concello. Se despois delimitan e acoutan moito o que é unha moción, que queren que veñamos a este pleno e esteamos calados e non propoñamos nada, para que sexa todo corrido, cinco minutos e para casa. Se non lles gusta terán que aguantarse. Reiteran o que lle dixeron, piden o apoio da corporación a cegas, iso non pode acontecer, sería absurdo pola súa parte, vostedes non lles ensinaron en ningún momento que queren facer aí. Falan de proxectos, que proxectos, sentáronse e reuníronse con eles, ou con algún grupo da corporación para analizar o que conlevan eses proxectos, nada. Piden que fagan un acto de fe e non o poden facer. Nos teñen demostrado, como aconteceu coa senda das Casillas, que non teñen a súa confianza. O que deberían ter feito antes de traer isto aquí é sentarse con todos e convocar unha reunión, analizar os proxectos, recoller alternativas ou buscar a mellor forma de





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

levar a cabo esas actuacións. Actos de fe con vostedes non poden telos. Por iso non voten votar favorablemente a moción sen ver antes que queren facer, por iso van absterse.

Intervén o Sr. Alcalde que sinala que parece increíble un voceiro do BNG falando de actos de fe. Páxina catro da moción: saltándose alegremente todos e cada un dos preceptos legais de información aos asinantes como xa foron advertidos en sesión plenaria do 30/01/2020, data na que defenderon unha moción para este asunto que foi rexeitada polo pleno. Deixe de confundir Sr. Vidal Ríos, dásele moi ben pero non o leva a ningún lado. Leullo a voceira cano leu a moción e díxollo el a continuación no debate da moción que vostedes trouxeron. Falar da senda das CAsillas con vostede é perder o tempo, siga na súa teimudez. Todos os que tiveron que lidiar coa situación para poder executar a obra saben do que están a falar e vostede estaba moi cómodo coas súas ocorrencias como nos ten acostumbrados nun despacho e escribindo nas redes sociais, siga por ese camiño que o traballo é outro, é sacar as cousas adiante, conseguir financiación e que as obras estean a disposición dos veciños, non darlle á tecla alegremente, ocorrencia e para adiante. O que diga o técnico non importa nada, aquí está o Sr. Vidal Ríos que todo lo sabe y todo lo entiende. Non comulgan con iso. A Deputación da Coruña ten aínda moito que cumprir con Ordes dende o ano 2015 para adiante e non o está a facer. Que non queira entender que se está a pedir unha senda da Ponte da Pinguela ata a Calle, que se está a pedir a humanización do entorno da Calle, non o quere entender. Que a senda que vai dende o Balado ata a Estación, que ten máis de 2 qm tamén a formulou a continuación de que foi presentada na Deputación o PSOE, iso xa se esqueceu, está claro que eran outros compañeiros, está esquecida tamén. É a realidade, aí están as actas do pleno e as súas peticións. A ampliación da senda da Ponte da Pinguela no mandato 2011-2015 tamén foi tratada. Non inventan proxectos, para iso están os técnicos, eles non os fan, como son os que os asina asumen a responsabilidade, despois os informan os da Deputación. A obra da rúa do Recreo é a propia Deputación a que fixo o proxecto, imaxino que tamén estará en contra dos técnicos da propia Deputación. o Sr. Vidal Ríos todo lo sabe todo lo entiende, os demais están por estar, a súa sombra é inmensa. Máis grande que este termo municipal que ten máis de 160 qm<sup>2</sup>. Sigue pensando que en base ás súas intervencións ten aspiracións bastante importantes, é a súa impresión. A ver se esta petición é atendida dunha vez por todas pola Deputación Provincial a pesar de que os integrantes do PSOE e BNG de Ordes non van a sumarse ao seu apoio. Os veciños teñen que saber que o PSOE e BNG de Ordes non se van a sumar ao apoio de vías da Deputación da Coruña. O caso máis flagrante é o que acontece na rúa do Recreo que ten unha falta inmesa de humanizar, que o entende calquera, salvo vostedes, e salvo neste caso un técnico como ten a ben ser vostede na súa profesión. Para el resulta lamentable.

Solicita intervir o Sr. Vidal Ríos, por alusións, plantexa unha cuestión de Ordes, sinala que vostede utilice a súa atribución profesional directamente nun pleno. Vostede non ten vergenza.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que ten unha chamada á ordes, esta expulsado do Pleno Sr. Vidal Ríos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que na segunda chamada a orde non se lle advertiu que na terceira ía para casa, non cumpriu o regulamento.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta expulsado do pleno e non vai a poder utilizar máis o turno de palabra neste pleno. Non pode tocar o micro e poñerse a falar cando lle conveña. Pídao e cando lle dea o turno fala. Está expulsado Sr. Vidal Ríos. O Sr. Vidal Ríos non pode votar. Votarán os que quedan nesta sesión plenaria.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (grupo político PP), cos votos en contra (1 grupo político BNG, 3



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

grupo político UxO, 2 grupo político PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Primeiro.- Instar, pola súa urgente necesidade, a inmediata revisión e aprobación do proxecto das obras de Humanización na DP-5903 para o barrio do Recreo e o lugar do Balado, dende o entronque coa N-550 ata chegar a AC-413; procedendo a dotación de crédito con carácter bianual a cargo dos vixentes orzamentos provinciais de 2021, e continuando a financiación cos de 2022 para licitar e executar a obra completa.

Segundo.- Instar que no presente ano 2021 e no vindeiro ano 2022, se proceda coa aprobación e licitación dos proxectos presentados no ano 2016, todos eles recollen obras en vías de titularidade provincial que se atopan dentro do termo municipal de Ordes; na DP-5903 de Ordes a Portomouro (conectar con unha senda o Balado-Empalme coa estación da Pontraga, por onde transcorrerá a futura Vía Verde, xa adxudicada con fondos IDAE e que se agarda estea lista en uns 6 meses), e na DP-5905 (entorno da Calle de Poullo por onde transcorre o Camiño Inglés, completando a senda, que actualmente chega dende a vila de Ordes a ponte da Pinguela, ata o lugar de A Calle, e Humanizando axeitadamente conforme as indicacións e pautas de Patrimonio Cultural o tramo de calzada do antigo Camiño Real e as súas inmediacións no núcleo, en un entorno onde xa está previsto crear este ano 2021 unha área de descanso de peregrinos, con aproveitamento para os veciños).

Terceiro.- De acadarse a realización completa das obras aquí formuladas, o Concello de Ordes estaría disposto a asumir o compromiso xa trasladado para que se efectúe o traspaso inmediato da titularidade do tramo urbano da DP-5903 dende a N-550 ata o lugar de O Empalme, da Rúa Rosalía de Castro na vila de Ordes, e de toda a traza da DP-5905 ao seu paso polo lugar de A Calle (Poullo), deixando exclusivamente como de titularidade provincial a variante formada pola vía con denominación DP-3802, que comunica Ordes coa Pontecarreira.

Cuarto.- Dar traslado dos presentes acordos a todos os grupos políticos con representación na Deputación da Coruña.

### 6. ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén a Sra. Ferreiro Villaverde, en representación do grupo político PSdeG-PSOE, que formula o rogo seguinte.

- Este 2021, Nacións Unidas elixiu como lema para o Día Internacional das Mulleres -8 de marzo de 2021- "Por un futuro igualitario no mundo da Covid-19". E é que hai xa un ano que un feito doloroso e insólito para a nosa xeración alterou e escureceu as nosas vidas. Unha pandemia mundial, unha crise sanitaria que con levou outra social e económica. Durante a pandemia as mulleres estiveron en primeira liña e desempeñado



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

un papel extraordinario. Como traballadoras no ámbito sanitario, a ciencia e a investigación, desde os servizos esenciais, pero tamén asumindo a responsabilidade dos cuidados no ámbito privado.

Esta crise afectou máis ás mulleres. Son máis as que perderon o seu emprego, as autónomas que viron frustradas as súas empresas, as que sufriron un ERTE. Son moitas máis as que fixeron malabares coas clases dos seus fillos e fillas, a atención aos seus pais ou avoas, o traballo profesional, as tarefas do fogar. As que máis sufriron eses efectos, á conta da súa propia carreira laboral e ata do seu benestar. E por suposto, supuxo unha tortura engadida a todas as mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tal como expresa Nacións Unidas, a crise puxo de relevo tanto a importancia fundamental das contribucións das mulleres como as cargas desproporcionadas que soportan. Ademais, advirte que por mor da pandemia da Covid-19 xurdiron novos obstáculos, que se suman a os de carácter social e sistémico que persistían antes e que frean a participación e o liderado das mulleres. Porque a pesar de que as mulleres constitúen a maioría do persoal de primeira liña, aínda están infrarrepresentadas nos espazos de poder e da toma de decisións.

Desde as nosas respectivas responsabilidades, debemos traballar para que esta crise non deixe a ninguén atrás e tampouco leve por diante ás mulleres. E temos ante nós unha gran oportunidade porque contamos cunha inxección en forma de fondos europeos, que nos dan a posibilidade de investir con audacia para xerar e establecer cambios estruturais.

Por todo iso, desde o Grupo Municipal Socialista de Ordes formulamos ao Sr. Alcalde os seguintes ROGOS:

Instar ao Goberno municipal, impulsar e reforzar o marco normativo municipal para que se introduza a perspectiva de xénero en tódalas políticas levadas a cabo dende o Concello de Ordes.

Instar o Goberno da Xunta de Galicia, dentro do seu marco competencial a:

- Impulsar políticas dirixidas a pechar as moitas brechas que nos quedan aínda pendentes como; a brecha laboral, a salarial e a fenda dixital.
- Fomentar actuacións destinadas a impulsar a corresponsabilidade
- Corrixir as situacións de desigualdade das mulleres, dende o ámbito rural ao investigador e tecnolóxico.
- Despregar políticas dirixidas a loitar contra a pobreza infantil e ás das mulleres con fillos e fillas a cargo.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de política social, que sinala que están totalmente de acordo coas palabras deste rogo e o toman en consideración.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, voceiro grupo político UxO, que formula o rogo seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

- Pola estrada N-550 ao seu paso por Ordes circulan a diario centos de vehículos. Un dos riscos máis grandes, cando este tipo de vías transcorren por cascos urbanos, é o atropelo de peóns. A Dirección Xeral de Tráfico realiza campañas informativas cada ano recordando os riscos que pode haber na calzada tanto para condutores como para peóns, e advirten da necesidade de empregar os pasos de peóns para evitar posibles atropelos.

Dende Unión por Ordes cremos que os pasos de peóns deben encontrarse en condicións óptimas de visibilidade, tanto para condutores como para os viandantes, co fin de evitar accidentes.

É por este motivo que a nosa formación política formula ao Sr. Alcalde o seguinte ROGO:

Instar ó Ministerio de Transportes, Mobilidade y Agenda Urbana a que realice un repintado dos pasos de peóns existentes na estrada N-550 ao seu paso polo Concello de Ordes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto foi visto xa co vixilante a finais de outubro de 2020. É unha das actuacións que está previsto acometer na N-550, tan pronto lle dean fondos para estas pequenas actuacións de mellora e sinalización, están pendentes da mellora da climatoloxía. Admítase o rogo da súa proposta de moción, que é un rogo como ve e vai a darse traslado. Espera que o vixilante cumpra coa obriga que asumiu con esta corporación.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que se o Alcalde cree que non é unha moción, o que lles importa é que se faga, por iso o demandan. Entende que hai que insistir para que isto se faga por que é un risco.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non é que el insista en que sexa ou non sexa, como está o regulamento aquí non hai debate ningún. Está a facer unha petición de instar a outra administración, colla o art. 44, non hai que facer nada máis. Non precisa ningún tipo de debate, é unha necesidade que está aí. Non considera que teña que proceder un debate e votación.

Intervén o Sr. Iglesias Vieites, que sinala que se está a pedir a outra administración, igual que nas súas mocións, non entende por que non pode ser catalogada como moción. Sen ningún problema.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que mire o regulamento, é ben sencillo. En calquera momento tratamos de aclararlllo, a voceira do goberno llo aclara, o que é o contido do art. 38 e o art. 44.

Intervén a Sra. Regueiro García, voceira grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Por desgraza, a pouca sensibilidade medioambiental de algúns e/ou algunhas, pónse de manifesto, por enésima vez no Concello de Ordes, en forma de vertedoiros incontrolados.

Refugallos de obra, acumulación de latas, electrodomésticos, roupa, vidros, pneumáticos, ...etc., tirados no medio natural e que supoñen todos eles, en maior ou menor medida, un atentado ó medioambiente.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Nas seguintes páxinas detallamos todos os vertedoiros incontrolados localizados polo BNG e tamén aqueles que nos trasladou a veciñanza de Ordes nos primeiros meses do 2021.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se proceda á correcta xestión dos residuos localizados nos vertedoiros indicados.

Intervén a Sra. Soneira Liñares, concelleira delegada de medioambiente, que sinala que de todos os vertidos que se achegan neste rogo temos dous en propiedade privada, retirados xa hai dous, o primeiro non se localiza e teñen pendentes de retirar sete.

- A finais do ano 2020 levouse a cabo a pavimentación da rúa da Canteira e a instalación duns badéns para o calmado do tráfico nesa zona.

Na actualidade os pasos de peóns seguen sen pintar o que está a provocar verdadeiras situacións de perigo para peóns e vehículos onde antes existían pasos de peóns.. Cuestión que se ve agravada pola falta de alumeadado público que se ven producindo nos últimos días no tramo da Rúa da Canteira entre a Rúa do Muíño e a Rúa Ramón Ferreiro e Rúa do Mercado.

Engadir que a sinal provisional dos badéns en demasiadas ocasións atópase tirada no chan polo que non cumpre coa súa función de aviso.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

- Axilizar o pintado dos pasos de peóns na Rúa da Canteira.
- A mellora da sinalización dos badéns.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai dúas cuestións, a referencia ao tramo de alumeadado nada ten que ver coa obra. no tramo inferior é una avaría que foi difícil de encontrar, a falta de alumeadado foi de dúas noites, non tantos días como se da a entender aquí. A vía non está sen sinalizar, está a sinalización vertical. Nalgún momento a sinal de badén pode ter caído pero no noventa por cento do tempo a sinal está dispoñible para a veciñanza. Foi contratada a obra coa pintura pero a climatoloxía foi adversa, supuxo un imprevisto co cal non contaban. A partir do 15 de marzo vai a procederse coa sinalización horizontal completa. Tamén noutros tramos de rúa.

- Na rúa da Feira, á altura da piscina existen uns farois que se atopan apagados permanentemente.

Cabe destacar que nese tramo de beirarrúa existen plataneiros que ocupan parte da mesma.

Semella que o goberno municipal non considera preciso que os citados farois alumeen a zona, polo que tampouco ten moito sentido a súa presenza que pode limitar a accesibilidade no citado tramo.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

A que se prenda o alumeado nos citados farois, ou ben se proceda á súa retirada se non se consideran precisos, estudando a súa localización noutras zonas do noso concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os farois están en desuso, non se van a colocar en ningún outro lado, levan nove anos apagados. Non dificultan a accesibilidade universal neste espazo. Vai a procederse a súa retirada tan pronto sexa posible.

- A parcela onde se atopaba o Karting no Polígono Industrial de Merelle, atópase nun estado de completo abandono.

As carpas están cheas de roña, cunha ausencia total de mantemento que non garante que ante un temporal con ventos fortes, acaben ocasionando danos nos arredores. Existen depositadas na parcela numerosas rodas cos riscos derivados de incendio e de toxicidade dos fumes ocasionados. Pódense observar ao mesmo tempo outras acumulacións de materiais coma se dun vertedoiro se tratase.

Nas instalacións onde se atopaba a cafetería, o falso teito colapsou debido ás filtracións de auga procedentes da cuberta, debido a unha falta total de mantemento.

Esta situación, a parte dos riscos que supón para a seguridade e a saúde tanto das instalacións próximas como das persoas, supón un claro exemplo de feísmo e unha imaxe de total abandono que pouco beneficia ao Polígono Industrial de Merelle.

É polo que instamos ao Sr. Alcalde ao seguinte:

A levar a cabo as xestións precisas para:

- A retirada e a axeitada xestión das rodas e dos residuos existentes na citada parcela.
- A retirada de escombros e limpeza das instalacións da cafetería, efectuando as tarefas de mantemento precisas para evitar agravar o deterioro que padecen.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o que plantexan non é factible, non é posible manexar e utilizar as carpas no que propoñen, esta parte non se vai a ter en consideración, no demais xa se efectuaron diferentes tarefas cando se fixo a adaptación para a ITV de tractores, están pendente de continuar e deixar aquilo nunhas condicións hixiénicas o máis axeitadas posibles. Levarase a cabo nos vindeiros meses, por que desde que se foi o concesionario. A característica tan mala da infraestrutura ten falta de un lavado de cara importante. Irase facendo cando se poida, está todo controlado polos operarios municipais e perfectamente vaiado para que non entre ninguén. O tema da estrutura non é compatible co que aquí formulan en ningún caso.

Por último, ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos e concelleiros.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, voceiro do grupo político PSdeG-PSOE, que formula as preguntas seguintes:



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

- No pleno celebrado no mes de xuño de 2018 foi aprobado, nunha moción presentada polo PSdG-PSOE, instar a retirada de todas as cubertas de fibrocemento tanto dos centros educativos dependentes da Consellería de Educación como dos dependentes do Concello de Ordes.  
Así mesmo, foi aprobado facer un inventario do amianto existente en todos os colexios e edificios municipais, tanto visible como invisible, de cara a poder elaborar un plan de retirada gradual

Por todo o anterior, preguntamos ao Sr. Alcalde:

- 1º.- ¿Trasladouse á Consellería de Educación o citado acordo?.
- 2º.- ¿De ser así, que resposta se obtivo da Consellería de Educación ante a proposta de retirada das citadas cubertas?.
- 3º.- ¿Iniciouse o inventario para identificar os edificios con amianto?.

Intervén a Sra. García Gómez, concelleira delegada de educación, que sinala que se trasladou á Consellería de Educación o 05/10/2018. Pola Consellería de Educación fíxose unha previsión de inversións e unha avaliación técnica nos edificios. Están identificados os edificios.

- Estase instalando fibra óptica nalgunhas parroquias de Ordes

Polo anterior, preguntamos ao Sr. Alcalde:

- 1º.- Qué previsión de instalación desta infraestrutura de telecomunicacións hai para as parroquias?.
- 2º.- Existe algunha lista de instalación para as diferentes parroquias?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que lle chegou que foi recibida o 06/12/2020 a previsión de cobertura de fibra óptica na rede rural aparte da que está a facer Lyntia no casco urbano, que se agarda poida estar moi pronto en funcionamento. A previsión aproximada é cubrir o 80% da poboación e o 65% do territorio municipal ao longo de 2021, e a partir de aí iniciarase a seguinte fase que é a 2022-2023, na cal xa están formulando novos demandas e ao mesmo tempo de maneira paralela onde están a xurdir algúns problemas estanse facendo solicitudes complementarias tanto a AMTEGA como o a Telefónica que é a operadora que gañou a licitación destas actuacións.

Intervén o Sr. Viqueira Nouche, que pregunta se con esta lista que se lle pasou prevese que se remate con estas entidades de poboación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como lle indico o 80% da poboación e o 65% do territorio.

Intervén a Sra. Regueiro García, voceira do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes.



## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

- A respecto dos vídeos que difunde o concello de Ordes polas redes, preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Qué profesional ou que empresa é a encargada da súa elaboración?  
Tendo en conta o carácter recorrente ¿Existe algún expediente de contratación ao respecto?.

¿Qué méritos, experiencias previas ou referencias motivaron a súa selección?.

¿Por qué motivos non se recorre a profesionais do noso concello?.

Intervén a Sra. García Gómez, voceira do goberno municipal, que sinala que á primeira pregunta remítese aos decretos de Alcaldía e acordos da Xunta de Goberno Local. Non soen dar nomes, díganos vostedes se o estiman oportuno. Recorda que a lei de contratos do sector público no art. 25.1.a os recolle como contratos de carácter privado. Con respecto á segunda pregunta si existe un expediente de contratación. Terceira pregunta, mellor oferta económica, colaborador externo na primeira gala do deporte, implicado, bo traballador, eficaz e rápido. Referencias, CDR Costa da Morte, Consorcio das Mariñas, Asdecomor, Concellos da Comarca Cerceda, Frades, Trazo, Tordoia e actualmente colaborador con Aecor. A maior referencia o traballo ben feito ante unha oportunidade outorgada, traballo que acadou boa crítica e obtivo bos resultados de seguimento nas redes sociais e a súa vez valoración positiva pola veciñanza. Para contestar á cuarta pregunta contesta que o informático do concello coordina e supervisa todo antes de subilo ás redes sociais, traballa a súa vez coordinado con cada área ou departamento municipal que lle corresponda. Si se recorre a profesionais con sede en Ordes como é no caso actual, posto que un dos seus centros de traballo o ten aquí establecido.

- Na Xunta de Goberno Local nº 17 de 2020, celebrada o 12 de xuño de 2020, procedeuse á aprobación do Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais. O citado plan non se atopa publicado por ningures.

Na Xunta de Goberno Local nº 29 de 2020, celebrada o 4 de setembro de 2020, acordouse que o concello de Ordes se adherise a un manifesto de oposición ao acordo económico de data 03/08/2020 da FEMP e o Goberno, sen que o pleno se pronunciase ao respecto.

É polo que preguntamos ao señor alcalde o seguinte:

¿Por qué motivo non se someteu o Plan Municipal de Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais á comisión informativa pertinente e por qué non está publicado na páxina web municipal para a súa consulta?.

¿Considera que a Xunta de Goberno Local é un órgano que pode tomar decisións para adherirse a manifestos, ou pola contra debera ser o Pleno da Corporación Municipal quen tomara esas decisións?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que en relación ao PMPDCI o Secretario municipal no seu día informou que a competencia é do alcalde e non plenaria, polo que non precisa ditame dunha comisión informativa. É competencia exclusiva do alcalde, así está recollido no art. 16.5 da Lei 3/2007. Ao mesmo tempo tamén deixa ben claro que non é obrigatoria a publicación, polo que as preguntas que aquí formula carecen de sentido e simplemente indicarlle a maior abundamento, que o informe foi favorable pola Dirección Xeral de Defensa do Monte con data





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

04/06/2020. Se analiza diferentes concellos que no seu día aprobaron o Plan en función do que se decidiu polos técnicos municipais hai acordos plenarios, de xunta de goberno, pero insiste que a competencia é ben clara conforme ao art. 16.5 da Lei 3/2007. Houbo concellos que fixeron a publicación e non publicación. Soliciten e daráselle copia do plan. A segunda pregunta é un pouquiño curiosa, volvemos a cuestionar a autonomía do alcalde e a autonomía municipal da súa xunta de goberno local, cree que por descoñecemento. Teñen competencia para ditar tal manifesto e adherirse a ese manifesto en defensa dos intereses do noso municipio. Gracias a que isto tivo efecto pola presión de todos os concellos do territorio nacional para que non nos confiscasen os remanentes. Non había unha urxencia importante, non había un debate plenario nese momento, senón ao mellor si que houbera sido obxecto de debate plenario, non houberan tido ningún problema en que todos os grupos se pronunciasen ao respecto de que ía pasar con esa intención de confiscamento dos remanentes municipais por parte do presidente da FEMP e o Presidente do Goberno e a súa Ministra de Facenda. Por sorte iso non aconteceu e estamos a piques de liquidar os orzamentos do ano 2020 e a continuación verán a dispoñibilidade que teñen de cara ao exercicio 2021.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás **vinte e dúas** horas e **quince** minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE-PRESIDENTE**

José Luis Martínez Sanjurjo

(asinado dixitalmente)

**O SECRETARIO**

Juan Luis González Iglesias